

Convocatoria para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática, tras o seguimento dun curso de preparación na modalidade de teleformación

A Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, publica no DOG (Diario Oficial de Galicia) do 22 de xaneiro unha convocatoria para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática, tras o seguimento dun curso de preparación na modalidade de teleformación.

Destinatarios / as: Persoas maiores de 16 anos ou que os cumpran antes do remate do prazo de inscrición

Número de prazas: 180

Duración: 12 semanas (190 horas lectivas)

Modalidade: teleformación titorizada a través da plataforma EMA da rede CeMIT

Datas de realización: do 19 de febreiro ao 25 de maio de 2018

Inscrición: na páxina web de CeMIT <https://cemit.xunta.gal> Con carácter previo á inscrición é necesario darse de alta como usuario / a da rede CeMIT. Nesta alta previa é imprescindible facilitar unha conta persoal de correo electrónico

Prazo: 5 días hábiles a partir do seguinte da publicación da resolución no DOG.

Taxa: As persoas admitidas provisionalmente deberán aboar no prazo de cinco días hábiles dende a publicación das correspondentes listaxes unha taxa de 10,20 euros correspondentes ós dereitos de exame, sendo excluídas aquelas persoas que non aboan a citada taxa. Estarán exentas do pagamento da dita taxa as persoas con dereito a matriculación incluídas dentro dos supostos recollidos no artigo 23.10 da Lei 6/2003, de taxes, presos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia

Resolución do DOG:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180122/AnuncioG0177-120118-0004_gl.pdf

MÁIS INFORMACIÓN: <https://cemit.xunta.gal>

OU CONTACTAR COA ORIENTADORA LABORAL

CASA DE PEDRA

981737004 / 653260746

margarita.seijas@camarinas.net

LUNS A VENRES: 9:00 - 15:00